

## ANUNCIO DE LICITACIÓN.

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de maio de 2017, foi aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas Particulares que han de rexer na seguinte licitación:

1. **ENTIDADE ADXUDICADORA**
  - a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
  - b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
  - c. Número de expediente: 013-SERVPA17-bis-
  
2. **OBXECTO DO CONTRATO**
  - a. Descrición do obxecto: Explotación do bar-cafetería e instalacións complementarias do Centro Cívico municipal.
  - b. División por lotes: Non
  - c. Duración: 1 ano
  - d. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 2 anos.
  - f. CPV: 55410000-7
  
3. **TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**
  - a. Tramitación: Ordinaria.
  - b. Procedemento: Aberto.
  
4. **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN**
  - a. Orzamento: 3.720,00.-€/ano (IVE excluído).
  - b. 781,20.-€ (IVE 21%).
  - c. 4.501,20.-€/ano (IVE engadido).
  
5. **GARANTÍA DEFINITIVA**
  - a. Contía: Subscrición polo licitador dun contrato de seguros que cubra a responsabilidade locativa do ben, así como, a dun contrato de seguro de indemnización por riscos profesionais (responsabilidade civil) fronte a terceiros, incluído o propio Concello e os seus traballadores, derivada dos riscos e danos que entraña a prestación do servizo, que como mínimo deberá ter unha cobertura de 300.000,00 euros por sinistro
  
6. **OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**
  - a. Perfil do contratante: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)
  - b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
  - c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
  - d. Teléfono: 982.402.501 (Exts. 260-262).
  
7. **PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**
  - a. Data límite de presentación: **20 DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.
  - b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 12ª do Prego de cláusulas administrativas particulares .
  - c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro dos 20 DÍAS NATURAIS seguintes a aquel en que apareza o

anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

**8. APERTURA DE OFERTAS**

a. Segundo o establecido na cláusula 14ª Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.


**9. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

- a. Oferta económica .....ata 50 puntos
- b. Mellor tarifa de prezos.....ata 20 puntos
- c. Memoria técnica.....ata 20 puntos.
- d. Servizo de menú diario de comidas e/ou ceas.....ata 10 puntos

**10. GASTOS DE ANUNCIOS**

a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 600,00.-€

Monforte de Lemos, 15 de maio do 2017



Alcalde  
José Tomé Roca.